

## PARA A HISTORIA D'OS *Eoas*. UN POEMA ÉPICO FUNDACIONAL NO LABIRINTO DAS INDECISIÓNS

Manuel Ferreiro (UDC)

### Eduardo Pondal e *Os Eoas*

O poema *Os Eoas*<sup>1</sup> constituíu, con certeza, o cerne da permanente obsesión creativa de Eduardo Pondal (1835-1917), que, por razóns socioculturais, literarias e, mesmo, políticas, iniciou desde os primeiros anos da súa vida literaria a construción dun poema épico que funcionase como referencia fundacional para a 'nova' literatura galega que rexurdía, cunha función semellante á exercida por *Os Lusíadas* na literatura portuguesa clásica (e posterior).

As propias declaracións do poeta, así como as referencias (públicas e privadas) dos contemporáneos, dotaron este poema épico dunha auréola mítica que se consolidou e acrecentou ao longo do século XX polo feito de aparecer como a grande obra inacabada, a obra definitiva que nunca chegara a ver a luz.

Para alén de breves mostras que o poeta publicou en vida – as trece oitavas do *Ensayo (Fracmento de un poema)* en 1857 (Pondal 1857: 79-82; López / Ferreiro 1988) e mais trinta e seis oitavas do Canto V d'*A América Descuberta* (Pondal [1864]: 79-82)<sup>2</sup> –, ademais das probas de imprenta – oitenta e seis oitavas – que se conservan na Real Academia Galega [RAG] e que se poden datar en 1885, os materiais coñecidos d'*Os Eoas* constituían un conxunto extremadamente complexo, desorganizado e multiforme, por

canto se mesturan moi diversos estratos de redacción ao longo dos millares de papeletas conservadas no arquivo de D. Isidro Parga Pondal<sup>3</sup> e, sobre todo, na institución académica.

Por outra parte, ao longo do século XX foron aparecendo inicialmente algunhas mostras moi limitadas desta produción épica pondaliana: no xornal coruñés *El Ideal Gallego* (Carré Aldao 1921) reproducíuse o texto do canto XXV (correspondente á versión definitiva, *vid. infra*), e, posteriormente, Ricardo Carballo Calero (1961: 209-251; 1968) e Amado Ricón (Pondal 1971: 147-184) ofreceron ao público novas mostras (éditas ou inéditas) destes materiais previos do poema. O proceso de reapropiación da obra épica pondaliana semellou culminar en 1992 coa publicación por parte do último estudioso dunha versión “completa” (1.124 oitavas reais!) d’*Os Eoas* (prudentemente subtitulada *Unha aproximación*) (Ricón 1992)<sup>4</sup>.

Fronte a esta realidade fragmentaria, reconstruída e/ou arbitraria, a afortunada recuperación do fondo pondaliano existente na Real Academia Galega (Ferreiro 2001: IX-XIV) permitiu o achado da versión definitiva do poema que Eduardo Pondal preparou nos derradeiros anos da súa vida<sup>5</sup>.

Datado entre 1912 e 1914, segundo testemuñan claramente a entrevista realizada ao poeta en *La Voz de Galicia* e mais algunhas cartas alusivas a esta versión (*vid. infra*), o texto épico derradeiro aparece no horizonte lingüístico, cultural, literario galego como a confirmación obxectiva da existencia dunha versión definitiva do poema en que Pondal traballou case sesenta anos da súa vida: “Xa sabedes que á empezou ben mozo, e que nela ocupou á vida enteira” (Murguía 1933: 189).

O conxunto dos materiais desta versión derradeira está formado por diversos elementos, cuxo núcleo fundamental, un dactiloscrito idiógrafo, está constituído por 306 cuartillas mecanografadas, organizadas, agrupadas e numeradas (con lapsos) por seccións (isto é, “cantos”), coas correspondentes introdución e nota previas, preparadas para a súa publicación; a este conxunto aínda debemos acrecentar

## Para a historia d'Os Eoas. Um poema épico fundacional no labirinto das indicións

un grupo diferenciado de 32 cuartillas dactiloscritas rexeitadas con versións previas da redacción final. A maior parte das oitavas mecanografadas presentan correccións autógrafas do poeta, moitas veces con ensaios de novas redaccións alternativas, así como esporádicas correccións do(s) copista(s), normalmente de erros de máquina. Ademais, entre os folios mecanoscritos existen, sen organización ningunha, 208 papeletas manuscritas que presentan o orixinal autógrafo do dactiloscrito ou, na maior parte das ocasións, redaccións diverxentes da versión mecanografada. Por outra banda, existe un conxunto anexo de máis de seiscentas papeletas autógrafas, con redaccións totais ou parciais diverxentes, cronoloxicamente correspondentes ao período de redacción final do poema, xunto cun pequeno grupo de redaccións parciais e/ou diverxentes das notas e dedicatorias da obra.

O conxunto dos materiais eóicos definitivos ofrécenos, pois, un texto final de 285 oitavas preparado para o prelo, mais carente da 'derradeira' revisión do autor (sempre relativa en Pondal), como mostra a existencia de versións dactiloscritas concorrentes para a mesma oitava, concentradas nomeadamente na primeira oitava das diversas seccións, e, ao mesmo tempo, a existencia de diversos lapsos e erros de copia sen corrección atribuíbeis, en xeral, á(s) persoa(s) encargada(s) de teclear(en) ao ditado o texto do poema, detectándose a presenza de, polo menos, dous copistas, a través da análise dos erros de máquina, que se concentran especialmente nas oitavas tecleadas con tinta negra e mais na segunda parte do poema.

De calquera maneira, para alén dos materiais preparados para a súa edición, a coidada organización do texto xunto coa presenza dunha folla inicial coa capa da obra e, sobre todo, a existencia de todos os elementos necesarios para a edición impresa do poema, como o prólogo ("Al lector) e a nota inicial ("Nota"), así como a advertencia "Es propiedad. Queda hecho el depósito que marca la ley", indican que estamos perante a derradeira e definitiva versión

## Manuel Ferreiro

do poema épico *Os Eoas*, que percorreu un longo traxecto até a versión final (1857-1914).

### Historia d'*Os Eoas*

Desde que Eduardo Pondal, entre 1857 e 1864, isto é, aos vinte e dous e vinte e nove anos de idade, respectivamente, publicara os breves fragmentos d'*Os Eoas* que xa referimos, temos de agardar quince anos para achar as primeiras alusións ao poema épico. Efectivamente, durante varios anos, non aparecen referencias a esta obra, até que en 1880 comezan os comentarios sobre unha redacción que o bergantiñán parecía ter acabada. Así, na coruñesa *Revista de Galicia* (10-5-1880, 9: 80), dirixida por Emilia Pardo Bazán, xa se fala da terminación da obra: "*Un nuevo poema*. Parece que el Sr. D. Eduardo Pondal, cuyas poesías gallegas revelan tanta inspiración, ha terminado un poema que pronto verá la luz". E no final deste mesmo ano, no xornal santiagués *Gaceta de Galicia* (14-12-1880) confirma a noticia:

Además del poema intitulado "Os Eoas" que en breve publicará el conocido poeta D. Eduardo Pondal, tiene este Señor escritas dos colecciones de versos destinadas igualmente á ver la luz pública.

Esto nos demuestra que el Sr. Pondal no se duerme, y que á la inversa, da señales de estar bien despierto y de que no es de los que menos trabajan.

Mais no ano seguinte, comezan as preguntas sobre *Os Eoas*, asunto que preocupa a Rosalía de Castro:

Y a propósito de esto, ¿cuándo saldrá a luz el poema que tiene V. anunciado? Yo lo espero con ansia hace tiempo, y lo mismo les pasa a todos los amantes de la verdadera poesía y que desean refrescar el entendimiento con algo selecto y delicado. V., que es de los verdaderos elegidos, es el que no debe dormirse ni un día; no nos haga, pues, esperar mucho la publicación de su obra que supongo, a juzgar por su índole y el amor con que V. parece tratarla, ha de

## Para a historia d'Os Eoas. Um poema épico fundacional no labirinto das indicións

superar todavía en mérito a las que todos conocemos (Castro 10-7-1881).

Pondal continúa a traballar no poema, como lle comunica en carta a Murguía desde A Ponteceso:

estoy en mi nativo y rústico albergue de Puente-Ceso, en cuya soledad paso el tiempo en dar cima a mi poema *Os Eoas* y en recordar frecuentemente aquellos amigos que, como V., tanto valen y tengo en tanta estima (Murguía 13-11-1881).

Nos anos seguintes seguen os comentarios e preguntas dos amigos, que insisten no tema. Deste xeito, preguntalle Benito Losada (17-2-1883): “¿Cómo están esos *Eoas*? Sacuda un poco la pereza y háganos saborear pronto sus delicados versos”; e insiste José Valdés Díaz – amigo do Bardo e esposo de súa curmá Eduarda Abente Lago – en dúas ocasións: a primeira, citando unha noticia de *El Clamor del País*, xornal coruñés: “Decía el *Clamor* que ya estaba acabado el poema. ¿Es cierto? Ésa sería otra buena noticia, porque ya sabe cuánto me complacerán los triunfos literarios que con los *Eoas* le esperan” (20-4-1885); a segunda, con motivo doutra noticia aparecida en *La Voz de Galicia*:

He visto en la *Voz* sus composiciones; adelante y vengan los *Eoas*. Ésta es tarea más permanente y más digna de aprecio que esos continuos trabajos de tejer y destejer en que pasan el tiempo los políticos (Aberte 19-6-1885).

Estes primeiros apelos á publicación d'Os *Eoas* semellan dar resultado, pois, no mes de Outubro, unha carta de Eusebio Alonso, director de *Galicia Liberal. Periódico Republicano Independiente* (Santiago), certifica que se estaban imprimindo as oitavas do poema.

Pongo de paso en su conocimiento que he trasladado la imprenta y demás oficinas, que antes estaban en la Virgen de la Cerca (esquina a la Enseñanza), a la Raíña, núm. 12 (mismo detrás del Café del Siglo), por si V.,

## Manuel Ferreiro

aunque esté fuera, quiere ir continuando las pruebas de su magnífico poema *Os Eoas* (Alonso 28-9-1885).

Foi este, de todos os xeitos, un intento fracasado, como mostran os restos das probas de imprenta conservadas na RAG, que constitúen un conxunto fragmentario de oitenta e cinco oitavas, moitas delas con novas e obsesivas correccións autógrafas do poeta<sup>6</sup>.

Pouco despois, Manuel Murguía publica *Los Precursores* na colección da 'Biblioteca Gallega' de Martínez Salazar e Fernández Latorre. Neste volume, o historiador e amigo dedica un capítulo a Eduardo Pondal, citando, loxicamente, o seu poema aínda inacabado:

De propósito he dejado de hablar de su poema *Os Eoas* (en griego, los hijos del sol, ó de la aurora) en que hace tanto tiempo trabaja. Esta obra, concebida y en parte escrita bajo la influencia de los antiguos poetas épicos, ha sufrido antes de ver la luz una completa modificación. Ya no es lo que prometían los fragmentos publicados hace bastantes años. Nuevas ideas dan vida á la nueva composición. El descubrimiento y conquista de América no es ya la obra de un hombre, sino la de todo un pueblo. Bajo este punto de vista, puede decirse que Colón pierde lo que ganan los españoles. Como Vasco de Gama deja en *os Lusíadas* lugar para la epopeya lusitana, así el marino genovés desaparece casi en el poema de mi amigo, para que en él puedan tener la necesaria importancia los que prosiguieron la providencial empresa y la completaron, ilustrándola con sus hazañas, verdaderamente legendarias.

Este libro lo escribe Pondal en gallego. Por qué? No hay una completa disparidad en celebrar aquellos memorables hechos en una lengua que no es la nacional? No, en verdad. Puesto que el poeta emprendió este trabajo ageno por completo al espíritu que anima sus demas obras, permitidle que en cambio haga á su país el honor de escribirlo en la lengua que le es propia. Es una manera delicada de probar que nuestro provincialismo no es tan estrecho como se dice, y que, amando mucho nuestra tierra, no entendemos por eso que haya de negarse á los demás el agua y la sal (Murguía 1886: 451).

## Para a historia d'Os Eoas. Um poema épico fundacional no labirinto das indicións

No final deste ano de 1886, José Valdés continúa preocupándose pola culminación d' *Os Eoas*, inmediatamente despois da publicación de *Queixumes dos pinos* ("Ánimo, amigo mío, y vengan los *Eoas*, que aún le darán más *longa fama*"; 5-12-1886), así como diversos persoeiros, que interrogan sen descanso a Eduardo Pondal sobre o poema despois de tantos anos de traballo. Así, José Antonio Parga Sanjurjo: "¿Cuándo hago otro para juzgar *Os Eoas*? Mucho me alegraría tener que hacerlo" (24-12-1886)<sup>7</sup>; ou Emilia Pardo Bazán: "A ver cuando salen esos *Eoas*, que ya llevan tiempo de andar entre las membranas consabidas" (6-10-1887).

O propio Pondal comunica repetidamente a Andrés Martínez Salazar que *Os Eoas* están concluídos e serán axiña publicados. A finais de 1887 o autor fala de leves retoques:

Por lo demás, por mucho que en mi campestre retiro de Puente-Ceso más momentos dedico a mero solaz y esparcimiento que al cultivo de las inconstantes Musas (porque al fin son mujeres y ¿quién se fia en ellas?), no obstante, doy de cuando en cuando un leve toque a los *Eoas*, los cuales pienso que podremos comenzar a imprimir en la próxima primavera, Dios mediante (Pondal 1-12-1887).

E en 1888 xa afirma que o poema está acabado ("Mis *Eoas* están concluidos y sólo cumplen, por breve tiempo, aquel precepto de Horacio: *Membranis intus positis...*" (8-9-1888), e volve a insistirle un pouco despois no mesmo:

Los *Eoas*, como V. sabe ha tiempo concluidos, así como dos pequeñas colecciones de breves poesías, tituladas *Dos Servos* y *Procellaria*, yacen como dos sonolientas crisalidas en el fondo de mi cartera; y le prometo que, Dios mediante, no tardarán en romper su envoltura para tender sus alas a la luz del día.

¡Dios quiera, cuando sea, proteger su vuelo y que non den consigo en el santo suelo, como aconteció a nuestro amigo Ícaro de la fábula! (Pondal 4-11-1888).

No entanto, continúan as noticias ou peticións de

## Manuel Ferreiro

publicación. Parga Sanjurjo pregúntalle de novo “cuándo publica [...] *Eoas*? Mucho me alegraría de que lo hiciese V. pronto” (29-9-1888); pola súa banda, Pardo Bazán aconsella: “Salgan pronto esos *Eoas* y esas coleccioncitas de versos. ¿A qué llama V. ver la luz *oportunamente*? Los *Eoas* nos tienen esperando hace más de dos o tres años, que yo sepa” (6-11-1888).

En 1889 persiste a constancia documental sobre a posibilidade de finalización d’*Os Eoas*, como mostran os comentarios de Benito Losada (4-1-1889): “[...] y gracias al amigo Andrés Martínez he sabido hoy, que he tenido carta de este amigo; que está V. en Puente-Ceso, dando la última mano a sus tan deseados *Eoas* y otros trabajos en gallego<sup>38</sup>. E na mesma liña reaparecen os comentarios de Emilia Pardo Bazán:

Ya sé por nuestros amigos los de Pan que no tardaremos en saborear *Os Eoas*, y una *Vanguardia* cuya existencia ignoraba en la mente de su autor.

*Os Eoas* vendrán muy a su tiempo, porque el Centenario de Colón se acerca (Pardo Bazán 10-11-1889)

Con efecto, arredor da data de 1892, aos catrocentos anos do descubrimento de América, continúan as peticións de publicación do poema, como celebración da efeméride desde diversas instancias, por parte dos seus amigos. Dille José Valdés:

En cuanto yo pueda o se presente una ocasión propicia, he de pedir mi traslado a ese punto y como estando ahí he de tener necesidad de buscar casa en ella ha de haber un cuartito para V. y pondremos en limpio esos *Eoas*. ¿No le parece?

¡Cuánto me alegraría que eso pudiera realizarse pronto!  
¡Qué buenos paseos habíamos de dar!

Procure dar cuanto antes la última mano a esos *Eoas*, a fin de que no tarden en publicarse (Valdés 31-10-1890).

E publicamente tamén aparecen os mesmos comentarios. Sirva de mostra a nota do xornal lugués *Eco de Galicia*, que confirma a finalización da obra:

## Para a historia d'Os Eoas. Um poema épico fundacional no labirinto das indicións

El distinguido poeta D. Eduardo Pondal ha terminado, por fin, después de largos años, su obra maestra *Os Eoas*, en gallego, y brevemente se iniciará su impresión, si bien, de no vencerse ciertos obstáculos, no se hará en la región ni en España, sino en París, lo que será de lamentar, pues una obra genuinamente regional debía imprimirse siempre en la region (26-5-1891).

Mais a data simbólica de 1892 pasa sen que o poema vexa o lume, feito que lle lembra a Pondal o erudito español Rodríguez Marín: “¿Y ese poema en gallego sobre el descubrimiento del Nuevo Mundo? El asunto es de difícil desempeño; pero tiene V. facultades para eso y más” (9-8-1892); ou, desde Carballo, Romualdo Varela: “El centenario de Colón tuvo efecto y V., a pesar de todo, permaneció dormido, dejando pasar tan buena oportunidad para dar a luz su bien meditado trabajo literario” (17-12-1892).

A partir desta data, e para alén dalgunha outra pregunta, como a de Rodríguez Marín o 20-9-1895 (“¿Y su poema sobre Colón?”), as alusións a *Os Eoas* concéntranse nas cartas do poeta dirixidas a súa irmá Josefa. A primeira destas referencias xa alude ao *manuscrito* do poema: “Sin más por hoy, guardarme bien ese pequeño baúl-maleta que contiene el manuscrito de mi poema, el cual mandaré venir oportunamente por persona de confianza cuando llegue el caso...” (15-5-1894). Pouco despois, Pondal comenta as xestións para a súa publicación:

Por lo demás, yo sigo muy bien por aquí; y por lo que hace a mis gestiones con estos diputados de perro chico, tengo las mejores impresiones. Moreda, presidente de estos reverendos padres, vino a saludarme en la calle y a ofrecérseme espontáneamente diciéndome: “No tiene V. más que decirnos cuando quiere que pongamos manos a la obra y tiraremos una edición hermosa”. Don Vicente Cid, secretario de la misma diputación, con quien paseo frecuentemente, me dice lo mismo; Sanjurjo, Pedro Seoane, en fin, me dicen que están prontos a tomar la cosa como cosa suya y estender su influencia sobre los otros diputados (Pondal 4-7-1894).

Mais en 1898 comunícalle á súa irmá que “Los *Eoas* se publicarán cuando les llegue su momento (si Dios quiere)” (23-2-1898). É en Outubro deste mesmo ano que, nos medios da emigración galega en América (Buenos Aires), transparece a preocupación por *Os Eoas* en forma de pregunta que Lucas Celta lle fai publicamente ao poeta nas páxinas de *El Eco de Galicia*: “[...] ¿Queréis hacer el favor de decirnos cuando vais á ordenar la impresión de vuestra obra poética, *Os Eoas*? [...]” (Celta 1898). Dun xeito semellante podemos ler os comentarios en *La Voz de Galicia* (12-2-1898), que recolle, máis unha vez, o sentir xeral sobre o poema inacabado de Pondal:

Pero la obra principal de nuestro poeta – porque Pondal es por antonomasia el poeta gallego – su obra está siempre hecha y siempre por hacer. [...]

Pondal nos debe, debe á Galicia, su poema *Os Eoas*, ese poema en cuyas octavas esculturales, ya ya tenemos la dicha de conocer algunas – descúbrese y se enaltece y se agiganta la gran parte que á los gallegos cupo en el glorioso descubrimiento de América.

Pondal, que hace muchos años pule, corrige y enmienda y acicala su poema, no nos lo entrega, no nos deja aspirar las emanaciones de gloria que de él han de surgir: y por su índole, por su asunto, por la fuerza poderosa del patriotismo que lo engendró y por los bríos del entendimiento que lo ha desarrollado y por la viril intelectualidad que les ofreció molde, los versos en que Pondal canta á los *Eoas*, serían hoy para la desdichada situación nuestra, para las amarguras del presente y para las tristezas que América envía á España, contraste y fuerza capaz de compensar estas dolorosísimas decadencias del espíritu público.

Y Pondal, que nos niega *Os Eoas*, su poema, su obra maestra, prepara en cambio y dará pronto á la estampa otras dos obras: *Gandreiras* y *Procelaria* (Anónimo 1898).

Fronte a esta preocupación, Pondal continúa a ‘aperfeizoar’ o texto, cavilando, asemade, na hipotética función mobilizadora desta obra despois da guerra cubana e a independencia da illa. Así se desprende das súas

## Para a historia d'Os Eoas. Um poema épico fundacional no labirinto das indicisións

palabras a Josefa Pondal:

Por lo que toca a los *Eoas*, siempre corrijo y trabajo algo; y espero que Dios me conceda vida para terminarlos. Su publicación, ahora que hemos perdido nuestras colonias, es más oportuna que nunca, pues (si valen algo) vendrán a probar que si la barbarie de los americanos nos las arrebató por la *fuerza* y pudo ser posible tamaño atentado, ¡ni el *hierro ni el fuego* de todas las naciones podrán borrar de las páginas de la historia del mundo la *gloria* de haber descubierto los Españoles un nuevo Mundo! Esto no podrán jamás. Y esto es lo que no puede destruirse; esto es lo sublime, esto es lo grande (Pondal 31-1-1899).

Mais, como sempre, *Os Eoas* repousan sen seren publicados, por máis que os comentarios públicos continúen e a 'vontade' do autor sexa a súa definitiva edición: "Por lo que toca a la publicación de los *Eoas*, los periódicos regionales se despachan a su gusto; pero, en fin, ya no puede ni debe tardarse mucho", dille a José Valdés (19-4-1902).

Temos, outravolta, que esperar varios anos para que reaparezan, cal Guadiana, as noticias sobre o poema épico. En 1908, *A Nosa Terra* recolle a posibilidade da súa publicación:

Hoy nos llegan gratas noticias del viejo amigo. Ojalá se confirmen y al fin veamos pronto circulando por todas partes el magistral poema *Os Eoas*, que parece va a ser impreso para gloria de Galicia y de su autor (Anónimo 1908).

E neste mesmo ano, coa aparición de *Vida Gallega*, impulsada e dirixida por Jaime Solá en Vigo, escríbelle este a Pondal para lle comunicar que a revista vai dedicar atención preferente ao poeta e á súa obra inédita. Nunha carta, dille o director da revista:

Los trabajos para la publicación de VIDA GALLEGA están ya muy adelantados y antes de pocos días se anunciará oficialmente la Revista en Galicia. Espero que ésta satisfará cumplidamente, cuando

## Manuel Ferreiro

menos por el valor material. Lo demás lo iremos persiguiendo despacio.

No sabe usted á cuanta gratitud me tendrá obligado si me manda pronto esos datos gráficos.

Presumo que no faltará por ahí un fotógrafo mediano que haga una información bonita.

Mis puntos de vista informativos estarían expresados en fotografías que pudiesen llevar títulos como éstos:

EL GLORIOSO POETA GALLEGO EDUARDO PONDAL.

PONDAL ESCRIBIENDO LOS ÚLTIMOS VERSOS DE SU POEMA OS EOAS.

EL RETIRO DEL POETA (Puenteceso).

Persigo la amenidad en mi nuevo periódico, por ser la forma de llevar la cultura a el alma del pueblo (Solá 15-11-1908).

Efectivamente, no número de Xaneiro de 1909, *Vida Gallega* publica unha reportaxe nesta liña, afirmando que a versión d'*Os Eoas* estaba acabada (estructurada en 50 cantos), mais asegurando, porén, que o poeta non pensa publicala: "Ahí está el poema, en esa maleta – ha dicho a sus amigos –. Cuando me muera hareis de eso lo que mejor os parezca" (Anónimo 1909).

A partir deste momento, nos anos derradeiros da vida do poeta, podemos achar diversas referencias a *Os Eoas*, tanto nas cartas dos seus amigos como nas publicacións da época. As crises persoais de Pondal multiplicábanse, impediéndolle tomar decisións firmes sobre a publicación que tantos anos levaba agardando o país. É por isto que José Valdés o anima a imprimir definitivamente o texto:

Por la buena forma de la letra de su grata del 1º veo que está V. muy mejorado, de lo que mucho me alegro. Ahora conviene que V. se distraiga para evitar recaídas, y una buena distracción había de ser, sin duda alguna, la impresión de su libro. Ánimo y a ello, haciendo la impresión por su cuenta y sin dar participación ni a impresores ni editores. No se pare en el gasto, que por mucho que sea no ha de arruinarnos (Valdés 4-1-1910 [RAG]).

## Para a historia d'Os Eoas. Um poema épico fundacional no labirinto das indicisións

Por outra banda, con motivo da constitución en Vigo dunha 'Asociación Galega de Escritores Laureados' élle ofrecida a Pondal a presidencia de honra. O impulsor da asociación, Ramiro Vieira Durán, aproveita a comunicación da noticia ao poeta para lle pedir un fragmento d'*Os Eoas* a fin de publicalo na correspondente revista (*Ilustración Gallega*) e mais no primeiro tomo dunha 'Biblioteca Galega' que iniciaría a súa andaina en Abril dese ano:

El primer tomo de esa Biblioteca será *Recuerdos galicianos*, en cuya obra va su retrato y biografía. Todo ello saldrá el 1º de Abril. Para la revista ¿quiere V. enviarme un fragmento de su notabilísimo poema inédito? (Vieira Durán 10-2-1911 [RAG]).

E aínda por estas mesmas datas, Fontenla Leal reclamáballe desde Cuba a publicación definitiva do poema, que dá por finalizado ("No sabe usted los deseos que tengo de conocer su grandiosa obra *Os Eoas*"), para, a continuación, recomendar a súa pronta impresión e evitar deste xeito a proliferación de erros, "pues nadie como usted puede dirijirla y presentarla cuidadosamente corregida" (29-4-1910).

Por outra parte, tamén a familia se alegraba da terminación d'*Os Eoas*, tal como lle escribe súa curmá Emilia Pondal Abente:

Mucho me alegro estás tan bien de salud y que vea pronto la publicación de tu poema "Os Eoas", pues ya sé por nuestro sobrino Enrique estás arreglando las cuartillas *que* pediste a Puenteceso (Pondal Aberte 7-5-1911 [RAG]).

Máis aínda: José Valdés tenta arranxarlle a publicación en Madrid, aproveitando un período de normalidade mental do poeta, aínda que con problemas visuais:

Mucho me satisface su carta, primero porque demuestra que V. está bueno y tan de buen humor que sigue con interés la marcha política del Sr. Canalejas; 2º porque ha terminado su libro. Reciba mi afectuosa felicitación.

## Manuel Ferreiro

Ahora hay que imprimirlo pronto, bien ahí si así lo estima o bien aquí en la casa Rivadeneira, que yo conozco. Si V. quiere dirigir la impresión yo le iré a buscar, vendrá V. en coche cama y aquí podrá curarse de la vista y dirigir la composición *dos Eoas*. Si esto no le parece bien, yo haré imprimir el libro y le mandaré las galeradas para corregir. Disponga V., y lo que V. diga eso se hará, pero entiendo que hay que hacerlo de un modo o de otro (Valdés 24-5-1911 [RAG]).

A pesar destes intentos, as oitavas d' *Os Eoas* dormen nas papeletas en que durante tantos anos, ao longo de tantas horas, o seu autor as deitara. Recollemos, como significativa, un fragmento da carta que ao “meu maeso gallego é insigne vate” lle envía desde Betanzos Xavier María Santiso:

Axiña sóupen q' aló n' aquil ichó q' os forasteiros miramos niño de groria, tendo en canto de berze unha maleta, x-a-staba o enxendro do noso Camoens. Qu' e dixen? Quizaves a groria do épeco lusitano adoeza por mor do lostregueo d' *Os Eoas*.

Dio-l-o queira, é xa é tempo q' o gran Cristobo, gallego ou ligurio, erguido n' a fala de Pondal, teña unha mámoa mais grande é mais eterna q' as pirámides d' Exipto (Santiso 6-1-1912 [RAG]).

A partir deste ano, as referencias ao poema concéntranse na prensa periódica. Neste sentido, as palabras máis significativas, sen dúbida, proceden da entrevista realizada a Eduardo Pondal por *La Voz de Galicia*. Ao longo das súas páxinas Pondal fala da lírica inédita (a triloxía inédita *Dos Eidos, Dos Servos, Do Íntimo*), da creación poética... e d' *Os Eoas*, en fase de selección das “trescientas y tantas” entre os millares de versións das oitavas reais de que se compón o poema (Anónimo 1912a)<sup>9</sup>.

Uns días despois, poden verse novas alusións a *Os Eoas* no mesmo xornal na proposta de Manuel Casás para unha homenaxe ao poeta, que andaba a organizar a Asociación da Prensa (Casás 1912). E aínda neste mesmo

## Para a historia d'Os Eoas. Um poema épico fundacional no labirinto das indicións

mes aparece unha nova reportaxe sobre Eduardo Pondal e a súa obra na revista *Vida Gallega*, onde, combinando de novo texto e fotografías, se ofrece un índice do poema en 20 cantos (con 320 oitavas), que será en breve publicado: “Eduardo Pondal va á publicar un nuevo libro. Lo esperaba hace tiempo la intelectualidad gallega. Será una obra original y definitiva” (Anónimo 1912b).

E aínda en Abril de 1913, Eduardo Álvarez fai desde Buenos Aires unha evocación do poeta “a propósito de que el venerable bardo anuncia la publicación de su poema épico *Os Eoas*” (Álvarez 1913), en tanto que no país continúa a preocupación sobre a obra desexada do bergantiñán, como mostra a pregunta de Luís García Prieto, estudante de Farmacia, que desde Ribadeo interroga o Bardo: “¿Cando bota fora, vostede, *Os Eoas*?” (7-10-1913 [RAG]).

Así pois, nesta altura de 1913, semella estar xa rematado o proceso de seleccionar e “escogitar” o texto derradeiro entre tantos milleiros de redaccións alternativas e concorrentes das oitavas reais que compuñan o poema, de xeito que a versión última debía estar completa, feito que se reflicte nas dúas autobiografías pondalianas que se conservan. Na primeira delas, sen datar<sup>10</sup>, conservada no Arquivo de Martínez Barbeito, xa se afirma ter escrito o poema épico:

Escribí asimismo en dialecto gallego ‘Queixumes dos Pinos’ y ‘Os Eoas’, poema sobre el descubrimiento del Nuevo-Mundo y la circunnavegación del globo por los Españoles (Ferreiro 1991: 71-72).

O mesmo acontece na ‘biografía’ que preparou para V. Björkman, que andaba a facer un traballo sobre a literatura galega. Este solicitalle desde Lübeck unha nota biobibliográfica e mais un retrato para incluír na súa obra:

En attendant, je vous serais très reconnaissant de recevoir, pour l'ouvrage de critique et d'anthologie que je prépare sur la littérature régionale de la Galicie, tant vôtre portrait que vos dates bio- et bibliographiques

## Manuel Ferreiro

que vous avez en la bonté de me promettre (Björkman  
23-11-1913 [RAG]).

Pondal mostra a súa conformidade, como se pode comprobar nun borrador da resposta (“Oportunamente procuraré complacerle remitiéndole los datos que me pide” [RAG]) e, posteriormente, debeu enviar unha pequena biografía de que tamén se conserva o rascuño na Real Academia Galega, co título “Del poeta gallego Eduardo Pondal. Apuntes biográficos y bibliográficos”, onde, despois da enumeración dos datos previos, afirma: “Prepara actualmente para dar a la prensa su poema en dialecto gallego *Os Eoas* (Los Hijos del Sol) sobre {Colón y} el descubrimiento del Nuevo [Mundo] por los Españoles [...]”.

Xa que logo, o proceso de redacción d’ *Os Eoas* parece concluído e o propio Pondal así o recoñece explicitamente, feito confirmado noutra carta de Emilia Pondal:

Veo con satisfacción que ese escritor Alemán desea que figures como poeta en su obra.  
¿Y cuando imprimes los Eoas? Supongo será pronto y espero no te olvides de enviarme un ejemplar (Pondal  
24-11-1913 [RAG]).

É nestes momentos cando aparece a decisión de pór en limpo esta derradeira versión a través dunha copia mecanografada que marcasse a diferenza entre os innúmeros materiais elaborados ao longo de case sesenta anos e a versión definitiva para publicar.

Neste sentido, probabelmente sexa deste ano de 1913 outro borrador fragmentario (RAG) dunha carta de Pondal que se refire á utilización dunha “máquina”, supomos que para o labor de mecanografado do poema:

Que me place su resolución de remitirme esa máquina; lo cual me parece, sin duda, más práctico y más económico.

Mándela V. pues cuando quiera, o cuando pueda, a esta estación, a la consignación del Sr. Rech como dice, bien

## Para a historia d'Os Eoas. Um poema épico fundacional no labirinto das indicisións

cerrada, en su caja con su llave.

La cuidaremos aún mejor que cosa propia.

Sabe que en mucho, mucho le estima su muy aff<sup>o</sup> S. S  
(Pondal [1913]).

Mais a proba definitiva do proceso de mecanografado do poema achámolo na carta que seu sobriño Enrique Ferreiro Pondal envía ao poeta desde Madrid o día 26 de Decembro de 1913 (RAG):

¿Cómo andan “Os Eoas”? Ya tendrá copiado a la máquina mucho de lo que tenía escrito. ¿Cuándo lo terminará? Ha hecho muy bien en decidirse a escribirlo a máquina, y aún a publicarlo en vida, pues de otro modo serían muchas las dificultades con que tropezarían las personas encargadas de hacerlo, aún con ser muy doctas todas ellas. En cuanto se publique, espero me enviará un ejemplar para ser uno de los primeros en leerlo. También estoy esperando su retrato, que desde Lage le pedí (Ferreiro, Pondal 26-12-1913 [RAG]).

O propio Pondal, por outra banda, na derradeira páxina conservada doutro borrador epistolar a un interlocutor descoñecido (talvez José Valdés) afirma no *post-scriptum*: “Mi poema copiado a la máquina de escribir, será dado dentro de poco a la prensa” (RAG). É por iso que, após o labor de mecanografar unha copia do poema, este podería ser impreso en Madrid, na casa editora Ribadeneyra, como lle reitera José Valdés:

Mi muy estimado Dn. Eduardo: he recibido su grata del 19 y celebro mucho que V. se encuentre muy *farreiro*, que es lo que más importa y deseo.

Ya que *Os Eoas* están en limpio, haga un esfuerzo para corregir pronto lo escrito y que se impriman cuanto antes.

Si V. quiere, puede mandarme las cuartillas y yo me encargo de hacerle la edición en la casa de Rivadeneira, que trabaja muy bien. Las galeradas podían ir después a ésa para que V. les echase el último vistazo (Valdés 26-4-1914 [RAG]).

## Manuel Ferreiro

Un pouco despois, o propio José Valdés insiste na viaxe a Madrid para a publicación d' *Os Eoas*:

Dígame cuando le conviene venir, que yo iré a buscarle. Puede V. hacer el viaje en coche cama y llegará sin ninguna molestia. A la vez podíamos hacer aquí en la casa Rivadeneira la impresión de su obra, que seguramente saldría mejor que ahí (Valdés 20-6-1914 [RAG]).

E Emilia Pondal confirma noutra carta (8-6-1914 [RAG]) a proxectada viaxe, xunto cunha nova constatación dos problemas visuais de Pondal:

Nada sé de Enrique y Manuela si pudieron seguir viaje a Lage ayer, y si te vieron como pensaban antes de su salida. Con ellos ya tendrías más tiempo de hablar sobre tu proyectado viaje, pues nos dijo Valdés que, si te determinabas, le escribieses para venir él a la Coruña para acompañarte hasta Madrid.

Si te decides venir a ésta, me lo dices para buscar una casa en donde estés con comodidad y tranquilidad.

No te preocupe la operación de los ojos, pues ya sabes es cosa sencilla (Ferreiro 1991: 63-64).

Á luz deitada por todos estes testemuños adquiren todo o seu sentido as alusións finais ao “manuscrito” do poema, probabelmente referíndose á copia definitiva mecanografada, tanto na carta escrita a Andrés Martínez Salazar desde a súa derradeira pousada, o Hostal ‘La Luguesa’ (“De mi cuarto, sin demora, hay que sacar mis manuscritos para entregarlos a la Academia Gallega” (Ricón 1992: xxxii), como, sobre todo, na misiva dirixida a Uxío Carré Aldao e Andrés Martínez Salazar, cun estado de saúde que só lle permitiu asinar, con dificultades, a carta en que lles solicita a custodia da copia d' *Os Eoas*:

Asimismo les ruego que sigan guardando y custodiando excrupulosamente la copia de mi poema *Os Eoas*, así como todos los trabajos literarios de diverso género que lo acompañan para los fines oportunos (Pondal 3-1-1916).

## Para a historia d'Os Eoas. Um poema épico fundacional no labirinto das indicións

Esta última situación vital explica tamén o apelo a Amalio Jimeno, Ministro de Estado na altura, nunha nota manuscrita conservada nos papeis derradeiros do poeta que achamos no Arquivo de Martínez Barbeito:

Os ruego {encarecidamente} Sr. minis[tro] que pongáis mi poe[m]a "Os Eoas" bajo la protección de la Academia Gallega, porque andando de una en otras manos sería objeto de inevitables alteraciones (Ferreiro 1991: 66-67).

Mais Eduardo Pondal Abente morre sen ver culminada a empresa de edición d' *Os Eoas*, a obsesión épica que dominou a vida enteira. Así glosaba Manuel Murguía a fixación pondaliana por este poema e mais o seu horacionismo creativo:

Pol-o que lle oimos e pol-o que dos seus traballos poeticos se descrobe, eran OS EOAS a obra en que pensaba deixar o seu país e as posteridades á nota superior e gloriosa da sua inspiración. Xa sabedes que á empezou ben mozo, e que nela ocupou á vida enteira. Morria vello e aínda a limaba e corregía, pois tiña alí posto os seus ollos, como unica filla de quen non sabía sopararse. Cantos nos honrabamos coa sua amizade, cantos deseabamos ver impreso o poema que debía inmortalizalo, pediamoslle o dese a imprensa, e moitas veces estivo pra facelo mais o empeño que tiña de que a obra de tantos anos e de tantos cariños, saíse á luz perfeita e sin mancha, detiñao. O Ceo n'o quixo, quizais pra castigal-o seu empeño e non gozase de un trunfo immaculado pois non sabemos que misteriosos movementos o levaban xa á dalo por feito, xa a deixalo estar hasta que os seus entusiastas lle impuxesen de golpe á obriga de que non él senón eles, o desen á estampa coroando de esta maneira, a obra gloriosa que á sua terra lle debía.

Sea o que queira, por unha ou outra causa, él deixabaa dormir acariciada por seu cariño, e seguía ora corregindo un verso que non lle parecia todo o armonioso que desexaba, ora substituindo unha octava por que entendía mellor, sempre, sempre, posto o seu pensamento na perfeición dos seus EOAS. Mais chegoulle o momento en que o Ceo puxo fin ós seus soños librando o probe vello do seu traballo, e antes de morrer entregouna o amor de esta Academia, pra que a gardase como cousa sagrada (Murguía 1917: 189-190).

## Por que Pondal non publicou *Os Eoas*?

Certamente, debemos preguntarnos por que, a final, Pondal non publicou un poema en que traballou practicamente toda a súa vida, durante un longo percurso en que tivo dedicación case exclusiva á creación poética.

A explicación tradicional, asentada fundamentalmente desde os estudos de Ricardo Carballo Calero, insiste tanto no carácter dubitativo, no que se refire á creación, do poeta e na conseguinte arela dunha imposíbel perfección, como ao feito do hipotético anacronismo dunha tal construción épica na segunda metade do século XIX ou nos primeiros anos do século XX:

Pero *Os Eoas* nunca arribaron a porto, e perdéronse no laberinto das indecisións, das dúbidas, dos escrúpulos, das reservas do autor. ¿Por qué Pondal, que traballou polo menos cincuenta anos no seu poema, non o publicou endexamáis? ¿Foi somente a arela desaforada de perfección? ¿Ou tivo algunha inconsciente intuición de que a epopeia renacentista era espécime anacrónico nos tempos que vivía? (Carballo Calero 1968: 297).

Os dous factores poden axudar a acharmos unha explicación cabal do silencio tipográfico d'*Os Eoas*. En primeiro lugar, existen datos obxectivos que nos confirman unha neurótica obsesión de Pondal pola perfección, razón que seguramente explica unha tan serodia publicación dos *Queixumes dos pinos* en 1886 (aos cincuenta e un anos de idade), único volume de entidade publicado en vida<sup>11</sup>, ficando inéditos, para alén d'*Os Eoas*, os materiais líricos da triloxía *Dos Eidos*, *Dos Servos*, *Do Íntimo*, título final dun conxunto de texto líricos de que temos referencias múltiples ao longo dos comentarios de prensa e mais da correspondencia persoal do autor.

Certamente, como xa se ten afirmado, no noso poeta todo é provisional (Carballo Calero 1961: 213), de modo

## Para a historia d'Os Eoas. Um poema épico fundacional no labirinto das indicións

que, como ben reafirma o estudioso pondaliano noutra ocasión, o Bardo correxía incesantemente o manuscrito, aínda o impreso. A perplexidade dominábao a miúdo. Unha torre de adxetivos a carón dun sustantivo, sen que o poeta chegara a unha decisión, a unha elección entre aquiles. Cinco variantes pra un mesmo endecasílabo, sen indicios de preferencia (Carballo Calero 1960: 406).

Neste sentido, para o profesor ferrolán, *Os Eoas* non foron publicados porque

o estremado afán de perfeición, a constante refundición e retoque, chegou a frustrar a realización da obra. Pondal non se resolvéu a editala, embora máis dunha vez iniciou a súa impresión, nen xiquera nos deixou un manuscrito definitivo (Carballo Calero 1961: 18).

Deste xeito,

*Os Eoas* é un exemplo extremo de desacougo literario, de incesante refundición. A insatisfacción do poeta, que castigaba constantemente a súa obra, frustrou a publicación, e mesmo a conclusión do poema (Carballo Calero 1960: 407).

Por outra banda, tamén Carballo Calero levanta a cuestión do posíbel anacronismo dun poema épico escrito no século XIX fundamentalmente segundo os moldes da épica renacentista, quer italiana – Tasso, Ariosto –, quer, sobre todo, portuguesa – Camões –:

Só un home como Pondal, tan inxel, tan fora da realidade[e] cotián, podía pensar na posibilidade de escribir na segunda metade do séc. XIX e a principios do séc. XX unha epopeia camoniana. Os poemas épicos renacentistas foron un pouco os libros das cabalarías diste enxeñoso fidalgo dun lugar de Bergantiños (Carballo Calero 1960: 412).

O autor do *Pretérito Imperfeito* insiste en diversas pasaxes sobre este carácter anacrónico d'Os Eoas,

## Manuel Ferreiro

recoñecendo, até onde era posíbel na altura cos materiais coñecidos ou parcialmente editados, importantes logros lingüísticos e literarios na elaboración do poema épico:

Pondal acometéu a súa obra desvencellado totalmente das circunstancias do seu tempo, e se situando intencionalmente no século XVI, o século de Camoens. Así, *Os Eoas* é un poema arcaizante, e, polo tanto, anacrónico. Ao que podemos xulgar, acertou no brío da versificación, na elevación da lingua poética, na tensión heroica do tono; pero a mentalidade cincocentista que o poema quixo ter, converteo nunha recreación arqueolóxica de humanista, que o sitúa fora da literatura viva do seu tempo (Carballo Calero 1961: 21).

É por isto que Carballo Calero consideraba *Os Eoas* como “unha obra demasiado anacrónica pra poseer auténtica vida”, como “un poema de gabinete, un traballo arcaizante de humanista, cuio mérito non pode estar senón no acerto da imitación” (Carballo Calero 1960: 411).

É certo que *Os Eoas* estaban radical e directamente inspirados por *Os Lusíadas*, razón que xustificaría afirmar que o poema pondaliano

foi malia o entusiasmo con que foron compostos os seus versos, un exercicio retórico máis ou menos brillante, pero forzosamente confinado no campo das curiosidades literarias, das recreacións arqueolóxicas, das imitacións eruditas (Carballo Calero 1960: 411).

Mais tamén é certo que a influencia do clásico portugués é desigual nos abondosos materiais manuscritos do poema, e mesmo foi alixeirada na versión final mecanografada, descoñecida até agora, como é obvio, pola crítica pondaliana, en xeral, e por Carballo, en particular. Neste sentido, hoxe aparecen como excesivos os seus comentarios a teor da influencia camoniana n’ *Os Eoas*:

[...] “*Os Eoas*” era, estaba sendo, aspiraba a ser unha réplica pura e simple de “*Os Lusíadas*”, edificada sobre

## Para a historia d'Os Eoas. Un poema épico fundacional no labirinto das indicións

os mesmos supostos culturais, estruturada conforme aos mesmos esquemas, executada de acordo cos mesmos estilemas e articulada segundo os mesmos principios métricos. [...]

Nestas condicións, "Os Eoas" resultaría un poema anacrónico. É verdade que hai importantes obras literarias que nacen como imitacións, pretendidamente fieis, de modelos afastados das mesmas por moitos séculos de distancia. [...]

Non ocorre isto con "Os Eoas". O poema de Pondal non é fillo do de Camoens, senón réplica do mesmo, reprodución, trasunto, reiteración. Entende-se na concepción, na execución, na técnica literaria, non, claro está, no asunto en termos absolutos, Mais tamén no asunto en termos relativos, pois o asunto de "Os Eoas" está determinado polo de "Os Lusíadas". Se neste presenciamos a descuberta das Indias Orientais, naquel asistimos ao descubrimento das Indias Ocidentais. Se o protagonista do poema de Camoens é o pobo portugués, o protagonista do poema de Pondal é o pobo español. "Os Eoas", por conseguinte, aspira a ser un complemento, unha segunda parte, unha 'antístrofa' de "Os Lusíadas" (Carballo Calero 1980).

Fronte a esta concepción d' *Os Eoas* como puro exercicio literario sobreposto sobre *Os Lusíadas*, tense repetida e asisadamente reivindicado a creación épica pondaliana con argumentos sólidos, que contextualizan a creación do poema no seu propio tempo e contexto, nas circunstancias ben específicas do autor e da literatura galega renacente:

Pro a verdade é que "Os Eoas" é un texto ben propio do seu tempo. É un poema épico que [...] pretende establecer alicerces incommovíbeis para as letras nacionais futuras; un poema que [...] libérase do costume, dos traballos e dos días, da miudeza realista ou sentimental, para disparar o noso idioma, por "mares nunca dantes navegados". Antes que unha reconstrución arqueolóxica extravagante ou caprichosa, "Os Eoas" practica a perfección marmórea da estrofe, a evocación do pasado e do exótico, co mesmo rigor que Leconte de L'Isle [...]. En suma "Os Eoas" é, sen dúbida, un poema parnasiano galego [...].(Carballo Calero 1980)

Certamente os “Eoas” son literatura sobre literatura, como calquera obra de calquera tempo e de calquera lingua:

[...] Os Eoas” dialogan na segunda metade do século XIX coa épica culta renacentista coa mesma razón e dereito – que non lle nega ninguén – que Cunqueiro cos Cancioneiros, Robert Burns coas baladas escocesas ou Alberti con Gil Vicente. “Os Eoas” son literatura feita sobre Tasso, sobre Ariosto, sobre Camoes e, coa mesma, é literatura que restituíe ao noso idioma o elo perdido do Renacemento e do cultismo léxico. “Os Eoas” resgatan a nosa lingua do coloquialismo e estableceren o fundamento da lingua culta que aínda non temos completamente (Méndez Ferrín 1984).

Finalmente, aínda fica explícita nas análises pondalianas desde a perspectiva explicativa da non publicación d’*Os Eoas* unha outra cuestión: a ideoloxía ‘españolista’ do poema, por canto se canta e glorifica os españois como descubridores de América, fronte á ausencia temática galega:

O poema refire un acontecemento concreto: a descuberta de América; e iste é todo o seu asunto, e non un fío conductor pra cantar as xestas naciónás, como a viaxe de Vasco da Gama en *Os Lusíadas*. O poema está encheito de espírito patriótico – español –, e non ten que ver con Galicia, como non sexa por estar escrito en galego. Así, resulta unha dobre homaxe de Pondal: á súa grande e á súa pequena patria (Carballo Calero 1961: 20).

Tal e como Carballo Calero expón a cuestión, levantaríase un paradoxo entre a existencia, traballo e concreción literaria dun tal poema e a ideoloxía rexionalista de Pondal e dos seus admiradores e amigos:

Desde moi novo tamén, traballou nos *Eoas*, que os rexionalistas seus admiradores e, segundo semella, el mesmo, consideraban como a obra maestra do vate. O que non deixa de ser paradóxico, porque *Os Eoas* non están inspirados polo patriotismo galego, senón polo español (Carballo Calero 1968: 296).

## Para a historia d'Os Eoas. Um poema épico fundacional no labirinto das indicións

Mais tamén neste caso, Méndez Ferrín, historicamente o grande defensor e reivindicador da creación pondaliana, en xeral, e d'Os Eoas, en particular, apunta nunha dirección que, sen dúbida, pode deitar luz sobre a cuestión. Efectivamente, só desde unha perspectiva iberista, de que Pondal era confeso partidario – lémbrese, entre outros poemas, o texto central de *Queixumes dos pinos*, “Boandanda, saúde” –, se pode explicar tal aparente contradición ideolóxica no noso poema e mais nas fileiras dos nacionalistas *avant la lettre* do momento:

Pondal, gran definidor poético do nacionalismo galego, non escribe en “Os Eoas” unha xesta española. Coerente até o extremo, Pondal, federalista ibérico e federalista iberoamericano, escribe a crónica ensoñada do descubrimento de Colombia, a vastidade pola que se espallará a semente ibérica da que Galicia, a nosa nazón, será algún día “forte nó sen rival” (Méndez Ferrín 1984).

Precisamente, unha certa consciencia de ‘españolidade’ do poema ten de estar na base, xunto coas publicacións e a campaña do *Colón galego* que na altura se estaba desenvolvendo (Pena 1999: 30-33), na reclamación explícita da nacionalidade galega para o navegante xenovés que se percibe na redacción derradeira d'Os Eoas. Con efecto, nos materiais manuscritos anteriores á versión definitiva, Colón éranos presentado en todo o momento como *italiano* (ou, máis amiúde, *ligur*). Mais no texto final Colón xa se define como galego, negando a nacionalidade italiana:

Ti es a miña patria. A boa Liguria  
Non me dou, como dicen, nacemento;  
Fora certo esto, túa e miña injuria,  
E grande error e grave nocemento,  
Que n' é de Breogán a raza espuria  
P'ra non honrar o noso forte intento:  
Oh, que dicha, s'a boa Galicia amada  
Fora, por ser meu berce, celebrada! (XIX.10).

## Manuel Ferreiro

A mudanza tivo que se producir despois de 1912, en que Pondal, á pregunta sobre esta cuestión, aínda responde “Yo no soy crítico histórico. El poeta no sabe nada, no quiere saber nada de los rebuscos de epigrafistas é historiadores novísimos. El poeta vuela libre...”. Máis aínda, perante a insistencia do xornalista (“Pero usted, ¿trata á Colón como italiano?”), o poeta resposta significativamente: “Los documentos que poseo, lo que los libros dicen, me permiten asegurar...” (Ferreiro 1991: 281). Semella, pois, un cambio de última hora, á altura en que Constantino Horta, do ‘Comité Colombino Pro Verdadera Cuna de Colón’, envía, desde A Habana, un escrito dirixido ao “culto compañero y distinguido colega”, cun longo informe propagandístico sobre a galegitude de Colón, onde conclúe:

Como usted verá, son tantos los testimonios de la prueba documental é indiciaria que se presentan para probar la verdadera nacionalidad del Almirante del Océano; son tantos los indicios lógicamente, enlazados entre sí, que parecen verdades comprobadas, por hallarse fundados en tradiciones históricas y coincidencias, expuestas de una manera clara y concreta, que prueban de un modo patente y concluyente, que no da lugar á la menor duda, que el descubridor de las Indias Occidentales, nació en Pontevedra, como podrá usted cerciorarse con la lectura del citado libro, con que tengo el gusto de obsequiarle, y, del que se dignará acusar su recibo (Horta 10-12-1912 [RAG]).

Nunha segunda carta (2-2-1913 [RAG]), neste caso dirixida especificamente ao “ylustre y venerado bardo”, Constantino Horta apela a Pondal para que faga galego a Colón n’*Os Eoas*:

Con tal motivo, a usted, Dr. Pondal, que es el poeta de las virilidades celtas y el más glorioso y valiente de nuestros bardos; a usted que es el mágico cantor de “A campara [sic] d’Anllons” y de las glorias y tradiciones de nuestra sufrida y espoliada tierra; a usted que es la encarnación de la gran familia celta y que, sin claudicaciones, ni debilidades cívicas, ni abjuración de

## Para a historia d'Os Eoas. Um poema épico fundacional no labirinto das indicisións

principios, enarbóla a bandeira de las reivindicaciones de nuestra Patria, la dulce y amorosa Galicia; a usted ocurre [sic] a nombre de medio millón de galicianos, de origen celta, por América dispersos, en este Mundo por el galiciano Colón descubierto, y cuyas viriles energías usted siente, para que, en una de las valientes estrofas de su grandioso poema, en preparación y titulado "OS EOAS", insinúe la naturaleza o nacionalidad galiciana del Descubridor del Continente Americano, lo cual verían con agrado, no sólo los galicianos, si que y también los americano latinos (Dobarro 1998).

Na contestación a esta carta, Pondal certifica por primeira vez esta atribución da nacionalidade galega a Colón no seu poema<sup>12</sup>:

Amigo muy distinguido: Contestando a su muy atenta y deferente carta última, tengo la satisfacción de manifestarle que, en mi poema "Os Eoas", presento a Colón como hijo de nuestra amada Galicia; y, desde luego, puede usted comunicar eso mismo a toda esa numerosa cuanto denodada colonia gallega de la grande Antilla, para que vea cumplo como puedo sus ideales, que son también los de éste su admirador (Dobarro 1998).

En fin, é certamente unha cuestión aberta a explicación 'definitiva' de tal "silenciosa fazaña de Pondal, as árduas vixilias entregadas a unha obra incomprendida, a un labor heróico" (Raña Lama 1984). Posibelmente, haxa que procurar a chave explicativa final no perfil psicolóxico de Eduardo Pondal, angustiado polo futuro da propia obra, cuestión que sempre obsesionou o Bardo bergantiñán. Máis unha vez, as conmoventes palabras de Carballo Calero poden axudarnos na comprensión de tal feito:

Naturalmente perfilóuse a idea duns "Lusíadas" españos. Pero gañado pra o cultivo da lingua da súa terra, Pondal tiña de escribilos en galego. Todo obrigóuno a seguir as pegadas de Camoens. O fervor xuvenil de aquil home que vivía unha vida de idealista contemplativo, lle non deixou ver o erróneo do camiño encetado. Cando algunha luz se fixo na súa mente verbo

das dificultades e violencias da empresa, estaba demasiado comprometido. Consigo mesmo e cos demais. “Os Eoas” era un vello amor, un amor de mocidade. ¿Cómo renunciar a il? Os seus amigos da Cova Céltica agardaban o miragre. ¿Cómo desenganalos? O ronco da dúbida na súa misión, segredo, mesmo negado, rillaba quezáis ao vello poeta. Elo espricaría que dera tantas voltas ao asunto da publicación do poema, que tomara tantos acordos e trasacordos sobre il, que se non cansara de refacer a obra e non acabara de dala ás caixas. ¿Realmente pensaba deixar cos “Eoas” ao seu país e á posteridade a nota superior e gloriosa da súa inspiración? Houbo probablemente un tempo en que foi íse o seu pensamento. Pero ¿non chegaría nunca a se decatarse de que “Os Eoas” eran demasiado dóciles a “Os Lusíadas” pra seren unha obra verdadeiramente representativa do seu talento poético? ¿Non chegaría a ter a sensación non confesada de que era escravo dun anxeio imposible, de que a empresa na que se comprometera estaba mal pranteada e adoeecía dun erro inicial? (Carballo Calero 1960: 411).

Mais á vista de que o poema foi concluído, moi posibelmente nos primeiros meses de 1914, aínda se debe procurar a razón última de non ter publicados *Os Eoas* cando a versión derradeira estaba xa nun proceso definitivo, mesmo coa afirmación da páxina inicial sobre o rexistro da propiedade intelectual (que non chegou a formalizar).

É aquí onde, máis unha vez, a biografía de Pondal pode deitar luz sobre este feito. Están ben documentadas as crises periódicas que afectaban o poeta até o punto de lle impedir a escrita e máis a toma de decisións, especialmente nos derradeiros anos da súa vida (Ferreiro 1991: 61-69). Neste período, confinado nas pousadas coruñesas, sen o ámbito amigo das tertulias da Cova Céltica, aínda que atendido polos galeguistas herculinos que o visitaban periodicamente – Lúgrís Freire, Carré Aldao, Martínez Salazar, etc. –, a existencia de crises cada vez máis agudas – lémbrese a paranoia final sobre o roubo dos seus manuscritos e a suplantación do seu nome (Ferreiro 1991: 64-66) – enxérganse con clareza no seu horizonte vital; mesmo se poden documentar obxectivamente

## Para a historia d'Os Eoas. Um poema épico fundacional no labirinto das indicións

cunha outra carta, escrita na pensión 'Gran Oriente', no número 2 da Praza de Pontevedra, dirixida "Al ilustre Doctor Rodríguez Martínez, De S[u] Admirador E. P.", datada o 4 de Agosto de 1914, que nos confirma a existencia dun fondo deesequilibrio que se debeu prologar até o momento da súa morte. Eis o texto, que nos certifica tamén a existencia dun período de catro ou cinco anos de lucidez que lle permitiron acabar o poema, proceso en que estaba á altura de 1912, como xa vimos:

Amigo muy distinguido: Después de nuestra última entrevista, he pasado cinco años completamente repuesto de mis antiguos achaques. Estoy sufriendo una nueva crisis neuroasténica; y tengo muchas dudas y vacilaciones. Deseo consultarle. Su buen amigo que le admira, Pondal (Pondal 4-8-1914 [RAG]).

Esta significativa carta, que non chegou a ser enviada, pode, por outra banda, aclararnos a cronoloxía da creación pondaliana no que a *Os Eoas* respecta. Probabelmente os materiais do poema conservados na "maleta" da Real Academia Galega deban na súa maioría ser datados entre 1894 e 1908, en que sofreu outra crise que, de novo, o incapacitaba para escribir, como mostra a existencia de copias apógrafas de poemas datados en 1908 (Ferreiro 2001: XIV; 2002: XVIII), xunto coas cartas conservadas por volta deste ano (Ferreiro 1991: 218-222).

Así pois, a pesar da real posibilidade de publicar en Madrid, na Editorial Ribadeneira, o seu poema épico, nunca este chegou a ver a luz porque moi probabelmente o seu estado de saúde física e mental lle impediron deslocalizarse a aquela cidade para dirixir e/ou controlar o proceso de probas de imprenta, tal e como fixera na Coruña cos *Queixumes* en 1886 (Ferreiro 1991: 40).

Deste xeito, Pondal morre despois de, por fin, ter elaborada unha versión final do texto que ao longo de sesenta anos fora obxecto fundamental do seu labor poético, na

procura da construción dun poema fundacional, escrito cunha intención lingüístico-patriótica, segundo declara o poeta no prólogo da versión derradeira e definitiva d'*Os Eoas*:

Este traballo poético escribí unicamente con el objeto de demostrar que nuestro antiguo cuanto ilustre verbo gallego es no sólo capaz de los más muelles y blandos acentos, sinó también de los mas arduos y arriscados y propios de mayores empeños (Pondal, Inédito).

### Notas

<sup>1</sup> Con diversos títulos até chegar ao definitivo: *A América Descuberta* (Pondal [1864]); *Colón* (Murguía 1865: 293); *Os Hespéridas* (Carballo Calero 1968: 299); etc.

<sup>2</sup> Probablemente publicado en 1864, como parecen indicar a petición de comentarios a Murguía en dúas cartas: “Dígame V. también algo sobre mi Fragmento del poema a Colón” (25-9-1864 [RAG]), ou “Espero que V. mire con ojos severos mi trabajo último. Decirme la verdad; sólo a ésta busco” (18-9-1865 [RAG]). As cartas inéditas levan a indicación RAG, mentres que as citacións da correspondencia emitida ou recibida por Pondal en que só se indica a data están tiradas das cartas publicadas en Ferreiro 1991: 73-253.

<sup>3</sup> Recentemente doado á Real Academia Galega por D. Jorge Peinador Parga, fillo de D. Isidro Parga Pondal.

<sup>4</sup> Véxanse aínda outras tentativas de transcripción e recuperación do poema ao longo do século XX en Ricón 1992: xxxv-xliii.

<sup>5</sup> Esta versión derradeira d'*Os Eoas* (de próxima publicación), sen dúbida a versión definitiva, foi localizada e identificada por nós, no mes de Setembro de 2000 (e feito público no *VI Simposio Pondaliano*), na “maleta” pondaliana depositada na RAG, onde repousan as redaccións previas do poema legadas por Pondal á Academia, e a onde chegaron novos materiais recuperados no proceso de reorganización arquivística desta institución.

<sup>6</sup> Estas probas deben corresponder á impresión realizada por Eusebio Alonso, aínda que Bouza Brey (1935: 26) e Carballo Calero (1960: 408) as relacionen coa imprenta de Martínez Salazar, editor dos *Queixumes*.

<sup>7</sup> Refírese a unha recensión de *Queixumes* recentemente publicada. Un pouco despois ofrécese para lle ler o poema: “Tendré mucho gusto

## Para a historia d'Os Eoas. Um poema épico fundacional no labirinto das indicións

en recibir sus *Eoas* como tengo, y grande, leyendo todo lo que procede de V. y que tanto me gusta" (24-4-1887).

<sup>8</sup> Por estas datas, Pondal fai observacións gráficas verbo d' *Os Eoas* noutra carta a Martínez Salazar: "Como V. y el Sr. Valladares en sus conclusiones no hacen otra cosa que corroborar más y más mi sistema ortográfico seguido en la impresión de los *Queixumes* (y que pienso seguir en los *Eoas*), no me huelgo poco en tener a VV. por compañeros en esta cuestión vitalísima" (22-4-1889).

<sup>9</sup> Vid. a entrevista completa en Ferreiro 1991: 288-293.

<sup>10</sup> Mais debe ser anterior á da RAG pola referencia final ás obras que está a elaborar: "Ocupase actualmente en escribir: *Dos Servos, Os Idiotas, Os Ilotas, Ou Honra ou Ferro*".

<sup>11</sup> Lémbrese que nos *Queixumes* recolleu, con refaccións, os opúsculos poéticos anteriores: *A campana d'Anllóns* (1866), *A Fada dos Montes* (1872), *Rumores de los Pinos* (1877) e *Gandreiras* (1885); despois de 1886, só publicou os folletos *O dólmen de Dombate* e mais a versión amplificada d' *A campana d'Anllóns*, ambos os dous en 1895.

<sup>12</sup> Esta carta é reproducida no artigo – anónimo – "La patria de Colón y el poema *Os Eoas*" aparecido na revista *Galicia*, Habana, 19-4-1913, e, á súa vez, publicada en Dobarro 1998, e recollida en Pena 1999: 32.

## Referencias bibliográficas

- Álvarez, E. (1913): "Pondal", *Suevia* (12-4-1913), 4: 11-12.
- Anónimo (1898): "Retratos gallegos. Pondal", *La Voz de Galicia* (12-2-1898).
- \_\_\_\_\_ (1908): "Eduardo Pondal", *A Nosa Terra* (8-10-1908), 57.
- \_\_\_\_\_ (1909): "Pondal y su nueva obra", *Vida Gallega*, 1.
- \_\_\_\_\_ (1912a): "El poeta de los 'Queixumes' será el cantor de 'Os Eoas'", *La Voz de Galicia* (19-11-1912).
- \_\_\_\_\_ (1912b): "La nueva obra del autor de 'A Campana de Anllóns'. El poema heroico 'Os Eoas'", *Vida Gallega*, 39.
- Bouza Brey, F. (1935): "Camões e Pondal", *Nós* (15-2-35), 134: 25-30.
- Carballo Calero, R. (1960): "Os Eoas", en *Miscelânea de Estudos a Joaquim de Carvalho* (Figueira da Foz: Biblioteca-Museu Joaquim de Carvalho), 4: 406-413.
- \_\_\_\_\_ (1961): *Versos ñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*. Reunidos, prologados e anotados por ... (Vigo: Galaxia / Centro de Estudios 'Fingoy').
- \_\_\_\_\_ (1968): "Versos ñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal.

## Manuel Ferreiro

- 'A América Descuberta', *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXIII: 296-312.
- \_\_\_\_ (1980): "Camoens e Pondal", *La Voz de Galicia* (8-7-1980).
- Carré Aldao, E.] (1921): "La Fiesta de la Raza. El 12 de Octubre de 1492. O Poema OS EOAS", *El Ideal Gallego* (12-10-1921).
- Casás, M. (1912): "Un homenaje. El poeta Pondal", *La Voz de Galicia* (22-11-1912).
- Celta, L. (1898): "Os Eoas", *El Eco de Galicia* (Habana) (3-9-1898), 845.
- Dobarro, X. M. (1998): "O 'noso' Colón en 'Os Eoas'", *La Voz de Galicia* (22-9-1998).
- Ferreiro, M. (1991): *Pondal: Do dandysmo á loucura (Biografía e correspondéncia)* (Santiago de Compostela: Laivento).
- \_\_\_\_ (2001): "Nota introdutoria", en Eduardo Pondal: *Poesía Galega Completa. II. Poemas Impresos: IX-XXII* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- \_\_\_\_ (2002): "Nota introdutoria", en Eduardo Pondal: *Poesía Galega Completa. III. Poemas Manuscritos: IX-XXII* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- López, T. / Ferreiro, M. (1988): «Pondal publicou un adianto do que foron 'Os Eoas' no 1857», *A Nosa Terra* (12-4-1988), 338.
- Méndez Ferrín, X. L. (1984): "Salgan pronto esos EOAS", *A Nosa Terra* (24-3-1984), 242.
- Murguía, M. (1933): "Eduardo Pondal e a súa obra", *Boletín de la Real Academia Gallega*, 248: 184-192.
- \_\_\_\_ (1865): *Historia de Galicia*, vol. I (Lugo: Soto Freire).
- \_\_\_\_ (1886): *Los Precursores* (La Coruña: Latorre y Martínez, Editores).
- \_\_\_\_ (1933): "Eduardo Pondal e a súa obra", *Boletín de la Real Academia Gallega*, 248: 184-193.
- Pena, X. R. (1999): "Pondal desde *Os Eoas*", *A Trabe de Ouro*, 37: 13-35.
- P[ondal], E[duardo] (1857): "Ensayo. Fracmento de un poema", en Otero, R.: *Galicia Médica*. Entrega 3ª: 79-82 (Santiago: Imp. y Lit. de D. Juan Rey Romero).
- Pondal, Eduardo ([1864]): *A América Descuberta. Canto V. Fracmento* (s.l.: s.d. [1864]).
- \_\_\_\_ (1971): *Novos Poemas*. Limiar, transcrición e notas de A. Ricón (Vigo: Galaxia).
- Raña Lama, R. (1984): "As angústias de Pondal", *Faro de Vigo* (10-2-1984).
- Ricón Viruleg, A. (1992): "Limiar", en Pondal, Eduardo: *Os Eoas (Unha aproximación)*. Limiar, transcrición, selección e notas de...: xix-lxx (A Coruña: Fundación Barrié de la Maza).